



Concello de Vigo  
Expte. 5559/1101

## **ACTA**

### **PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2026**

#### **SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE XULLO DE 2026**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 29 de xuño de 2026.

#### **PARTE RESOLUTIVA**

##### **Ditames das comisións informativas:**

##### **ORZAMENTOS E FACENDA**

- 2.** Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 6 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expediente 284/542. (Expte. Pleno 5538/1101).
- 3.** Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 2º trimestre do 2026, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 493/143. (Expte. Pleno 5539/1101).

##### **SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL**

- 4.** Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2027. Expediente 1751/110. (Expte. Pleno 5550/1101).
- 5.** Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións. Aprobación definitiva. Expediente 142483/210. (Expte. Pleno 5553/1101).

##### **URBANISMO**

- 6.** Aprobación inicial da "Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do Servizo Municipal da Vivenda de Vigo" mediante sociedade mercantil local con capital integramente público, baixo a forma de sociedade anónima como sistema de xestión do Servizo Público Municipal de Vivenda. Expediente 1126/400. (Expte. Pleno 5541/1101).

- 7.** Aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo. Expediente 1107/400. (Expte. Pleno 5540/1101).

**Mocións:**

- 8.** Moción do grupo municipal do BNG para a atención da mocidade viguesa. Expte. 5564/1101.
- 9.** Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de sanidade. Expte. 5560/1101.
- 10.** Moción do grupo municipal Socialista sobre financiamento de voos no Aeroporto de Peinador. Expte. 5561/1101.
- 11.** Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia educativa. Expte. 5562/1101.
- 12.** Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de axuda ao fogar. Expte. 5563/1101.
- 13.** Moción do grupo municipal Socialista sobre un novo encoro no río Oitavén. Expte. 5566/1101.

**PARTE DE CONTROL**

**Mocións.**

- 14.** Moción do grupo municipal do Partido Popular para garantir o investimento dos 7,5 millóns de euros comprometidos pola Deputación de Pontevedra para Vigo e que están pendentes de activación por parte do Concello. Expte. 5565/1101.

**Resolucións.**

- 15.** Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5557/1101.
- 16.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5558/1101.
- 17. Formulación de rogos.**
- 18. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

## POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

## POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas (09:00) do día vinte e sete de xullo do ano dous mil vinte e seis (27/07/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención a Interventora adxunta Dona Olga Gómez Corbal, por ausencia do Interventor don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, Don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **1.(113). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 29 DE XUÑO DE 2026.**

#### VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e sete (27) membros que constitúen a Corporación, o seu número legal de dereito, apróbase a seguinte acta,

- Sesión núm. 11/2026 ordinaria, celebrada o 27/07/26.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

*\*.- **Incidencia.** O Sr. Presidente da sesión, de conformidade co sinalado no artigo 51, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico do Pleno, indica que se realizará o debate conxunto dos puntos dous e tres da orde do día (Exptes. 284/542 e 493/143 respectivamente).*

### **2.(114). INFORME TRIMESTRAL DE TESOUSERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2026 E PERÍODO MEDIO DE PAGOS DOS 6 PRIMEIROS MESES DO 2026; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 284/542. (EXPTE. PLENO 5538/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 8.07.26, que di o que segue,

#### **“LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

## **INFORME.-**

### **I Ámbito subxectivo**

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### **II.- Ámbito obxectivo.**

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras

administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

**III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.**

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(.....)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)"*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas (RCF), empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

### **Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo**

a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.

b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

### **Para as pendentes de pago**

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcorridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pendientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en RCF ou rexistro até final do período de cómputo é maior que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de RCF ou rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

### **IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.**

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:



*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

## **V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2026.**

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2026 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

| Situación                                                 | Entidade Local    | X. M. Urbanismo  | F. MARCO          | C. BUREAU        | F. LISTE         |
|-----------------------------------------------------------|-------------------|------------------|-------------------|------------------|------------------|
| <b>Pagos feitos no trimestre</b>                          |                   |                  |                   |                  |                  |
| <i>Dentro do período legal de pagos</i>                   |                   |                  |                   |                  |                  |
| Nº de pagos                                               | 1.336             | 151              | 142               | 76               | 40               |
| Importe dos pagos                                         | 40.894.394,26     | 238.549,76       | 139.397,48        | 186.023,32       | 4.954,04         |
| <i>Fora do período legal de pagos</i>                     |                   |                  |                   |                  |                  |
| Nº de pagos                                               | 0                 | 1                | 9                 | 0                | 0                |
| Importe                                                   | ,00               | 1.707,65         | 14.440,23         | ,00              | ,00              |
| <b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>           | <b>6,16 días</b>  | <b>9,89 días</b> | <b>15,93 días</b> | <b>3,68 días</b> | <b>9 días</b>    |
| <b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>           |                   |                  |                   |                  |                  |
| Nº de pagos                                               | ,00               | ,00              | ,00               | ,00              | ,00              |
| Importe                                                   | ,00               | ,00              | ,00               | ,00              | ,00              |
| <b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>             |                   |                  |                   |                  |                  |
| <i>Dentro do período legal de pagos</i>                   |                   |                  |                   |                  |                  |
| Nº de pagos                                               | 173               | 24               | 15                | 1                | 3                |
| Importe dos pagos                                         | 3.249.640,45      | 54.840,73        | 22.015,24         | 47,18            | 876,24           |
| <i>Fora do período legal de pagos</i>                     |                   |                  |                   |                  |                  |
| Nº de pagos                                               | 53                |                  | 0                 | 0                | 0                |
| Importe                                                   | 3.288.754,52      |                  | ,00               | ,00              | ,00              |
| <b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b> | <b>57,65 días</b> | <b>0,83 días</b> | <b>6,28 días</b>  | <b>5,00 días</b> | <b>0,00 días</b> |

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción. No caso que nos ocupa, o atraso ten fundamento na tramitación dos preceptivos Recoñecementos Extraxudicial de Créditos.

### Resumo por trimestres de morosidade, en días

| Trimestre | Entidade |      |          |             |         |
|-----------|----------|------|----------|-------------|---------|
|           | Concello | XMU  | F. MARCO | F. C.BUREAU | F LISTE |
|           | Días     | Días | Días     | Días        |         |

|          | PMP  | PMPP  | PMP   | PMPP | PMP   | PMPP  | PMP  | PMPP | PMP  | PMPP |
|----------|------|-------|-------|------|-------|-------|------|------|------|------|
| Primeiro | 7,04 | 27,74 | 15,89 | 9,39 | 23,44 | 11,00 | 3,22 | 5,00 | 6,92 | 2,52 |
| Segundo  | 6,16 | 57,65 | 9,89  | 0,83 | 15,93 | 6,28  | 3,68 | 0,00 | 9,00 | 0,00 |
| Terceiro |      |       |       |      |       |       |      |      |      |      |
| Cuarto   |      |       |       |      |       |       |      |      |      |      |

### En contías e nº de pagos

| Trimestre       | Entidade      |              |            |           |            |           |             |          |          |          |
|-----------------|---------------|--------------|------------|-----------|------------|-----------|-------------|----------|----------|----------|
|                 | Concello      |              | XMU        |           | F. MARCO   |           | F. C.BUREAU |          | F. LISTE |          |
|                 | Importe       |              | Importe    |           | Importe    |           | Importe     |          | Importe  |          |
|                 | pagado        | pt. pago     | pagado     | pt. pago  | pagado     | pt. pago  | pagado      | pt. pago | pagado   | pt. pago |
| <b>Primeiro</b> | 33.675.041,49 | 4.185.328,48 | 369.729,95 | 68.945,51 | 202.225,14 | 13.965,24 | 64.045,16   | 47,18    | 6.175,15 | 1.629,86 |
| Nº pagos        | 945           | 235          | 80         | 58        | 174        | 11        | 35          | 1        | 53       | 5        |
| <b>Segundo</b>  | 40.894.394,26 | 6.538.394,97 | 240.257,41 | 54.840,73 | 153.837,71 | 22.015,04 | 186.023,32  | ,00      | 4.954,04 | 876,24   |
| Nº pagos        | 1.336         | 226          | 152        | 24        | 151        | 15        | 76          | 0        | 40       | 3        |
| <b>Terceiro</b> |               |              |            |           |            |           |             |          |          |          |
| Nº pagos        |               |              |            |           |            |           |             |          |          |          |
| <b>Cuarto</b>   |               |              |            |           |            |           |             |          |          |          |
| Nº pagos        |               |              |            |           |            |           |             |          |          |          |

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

**Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.**

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación LISTE e Fundación CONVENTION BUREAU.

### Análise por meses para o grupo

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2026

| PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2026 |         |          |       |       |       |       |       |        |          |         |          |          |            |
|--------------------------------------------------------------------------------------|---------|----------|-------|-------|-------|-------|-------|--------|----------|---------|----------|----------|------------|
| Institución                                                                          | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio  | Xuño  | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Décembro | Media/P.L. |
| Ent.                                                                                 | 11,62   | 7,75     | 7,55  | 10,46 | 12,70 | 14,78 |       |        |          |         |          |          | 9,06       |

|                 |              |             |             |              |              |              |  |  |  |  |  |  |       |
|-----------------|--------------|-------------|-------------|--------------|--------------|--------------|--|--|--|--|--|--|-------|
| Local           |              |             |             |              |              |              |  |  |  |  |  |  |       |
| MARCO           | 32,06        | 24,49       | 13,04       | 11,44        | 15,66        | 15,26        |  |  |  |  |  |  |       |
| XMU             | 12,04        | 6,03        | 9,03        | 8,36         | 9,41         | 9,98         |  |  |  |  |  |  | 13,41 |
| V. C.BUR.       | 1,15         | 3,69        | 4,86        | 1,83         | 2,19         | 2,77         |  |  |  |  |  |  |       |
| LISTE           | 12,73        | 4,21        | 3,91        | 5,10         | 5,32         | 2,13         |  |  |  |  |  |  |       |
| <b>PMP Glob</b> | <b>11,81</b> | <b>7,78</b> | <b>7,59</b> | <b>10,41</b> | <b>12,66</b> | <b>14,74</b> |  |  |  |  |  |  |       |

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2026

| Mes      | INSTITUCIÓN   |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
|----------|---------------|--------------|------------|-----------|------------|-----------|-------------|----------|-----------|----------|
|          | Concello      |              | XMU        |           | F. MARCO   |           | F. C.BUREAU |          | LISTE     |          |
|          | Importe       |              | Importe    |           | Importe    |           | Importe     |          | Importe   |          |
|          | Pagado        | Pte.pago     | Pagado     | Pte.pago  | Pagado     | Pte.pago  | Pagado      | Pte.pago | Pagado    | Pte.pago |
| Xaneiro  | 4.785.690,20  | 3.894.917,26 | 187.059,73 | 61.291,25 | 76.206,43  | 23.199,12 | 36.791,68   | 0,00     | 2.322,44  | 885,88   |
| Febreiro | 13.939.884,05 | 3.143.272,26 | 67.065,23  | 71.017,22 | 32.372,16  | 12.540,33 | 17.995,11   | 0,00     | 1.266,21  | 1.114,36 |
| Marzo    | 18.282.854,12 | 4.271.004,16 | 115.604,99 | 68.945,41 | 93.478,07  | 13.965,24 | 9.211,19    | 47,18    | 2.581,48  | 1.647,82 |
| Abril    | 13.394.827,94 | 6.239.202,78 | 97.883,45  | 45.242,75 | 59.974,43  | 26.131,32 | 90.186,93   | 0,00     | 1.974,90  | 827,84   |
| Maio     | 15.664.854,23 | 5.586.026,78 | 77.006,05  | 42.944,11 | 38.785,09  | 24.827,88 | 68.866,32   | 73,37    | 1.327,19  | 909,90   |
| Xuño     | 17.340.499,87 | 6.538.394,97 | 65.367,91  | 54.840,73 | 55.078,19  | 22.105,24 | 26.970,07   | 0,00     | 1.723,47  | 876,24   |
| Xullo    |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| Agosto   |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| Setembro |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| Outubro  |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| Novembro |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| Decembro |               |              |            |           |            |           |             |          |           |          |
| TOTAL    | 83.408.610,41 |              | 609.987,36 |           | 355.894,37 |           | 250.021,30  |          | 11.195,69 | ,00      |

### Análise para o conxunto do período (ano 2026) para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

| INSTITUCIÓN                     | PERÍODO* DE PAGO xaneiro-xuño | Pagado        | pt. Pago     |
|---------------------------------|-------------------------------|---------------|--------------|
| Concello de Vigo                | 9,06                          | 83.408.610,41 | 6.538.394,97 |
| Xerencia Municipal de Urbanismo | 13,41                         | 609.987,36    | 54.840,73    |

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

## Tratamento de embargos e retencións xudiciais ou administrativas

A diferenza radica en se a factura se mantén dentro do sistema de cálculo ou se expulsa temporalmente mentres dure a incidencia legal.

- No Periodo Medio de Pago (PMP - RD 635/2014): O artigo 3.1 do texto consolidado do Real Decreto establece unha exclusión absoluta de oficio. Quedan fóra do ámbito obxectivo de cálculo todas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación (por exemplo, débedas do proveedor con Facenda ou coa Seguridade Social) ou actos análogos.

Criterio de cómputo: Ao quedar excluídas, estas facturas "conxeladas" deixan de sumar días de atraso na fórmula do PMP. O obxectivo do PMP é medir a sostibilidade financeira e a axilidade da administración; polo tanto, non se penaliza o indicador por un atraso que é legalmente obrigatorio.

- No Informe de Morosidade (Lei 3/2004 / Lei 15/2010): A Lei de Morosidade avalía o cumprimento estrito dos prazos de pago dende a perspectiva do dereito do acreedor e da extinción da obriga comercial.

Criterio de cómputo: Estas operacións non se exclúen do conxunto de datos. Computan como "pendentes de pago" e seguen acumulando días de atraso ata que a obriga se extingue formalmente (xa sexa mediante o pago por consignación no xulgado ou o ingreso efectivo no órgano administrativo correspondente). Isto pode facer que o informe de morosidade amose un prazo lixeiramente maior ou máis facturas pendentes que o PMP.

## Tratamento dos pagos parciais

Cando unha factura se abona de xeito fraccionado por tensións de tesourería ou acordos específicos, o impacto matemático difire na forma en que se desglosa o importe.

- No Periodo Medio de Pago (PMP - RD 635/2014): A metodoloxía de Facenda aplica un criterio de caixa estrito e proporcional.

Criterio de cómputo: A factura "trínchase" matematicamente. O importe que foi efectivamente pagado computa no *ratio de operacións pagadas* do mes ou trimestre correspondente cos seus días correspondentes. O importe restante (a parte que queda pendente) computa de xeito illado no *ratio de operacións pendentes de pago*. Hai un recoñecemento do fluxo real do diñeiro.

- No Informe de Morosidade (Lei 3/2004): As plataformas e guías de carga de datos para os informes trimestrais de morosidade adoitan tratar a factura ou a obrigación comercial como unha unidade indivisible.

Criterio de cómputo: Un pago parcial xeralmente non serve para clasificar a operación como "pagada" a efectos estatísticos. A factura

adoita manterse na listaxe de "operacións pendentes" polo seu total ou, nalgúns sistemas de auditoría, non computa como operación pagada ata que se liquida o último céntimo, momento no que se computa o prazo total transcorrido dende o inicio para toda a factura.

Isto xera un desfase temporal e estatístico entre ambos sistemas

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20 de xullo 2026, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 6 primeiros meses do 2026. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

### **3.(115). ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DO 2026, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 493/143. (EXPTE. PLENO 5539/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, de data 07.07.26, que di o que segue,

"Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Orde HAC/836/2021, de 9 de Xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2026.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2026, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao SEGUNDO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de XUÑO de 2026.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/06/2026.

### **Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo**

Gastos e Ingresos por capítulos da Entidade e da XMU.

Gastos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU.

Gastos por Áreas de gasto e capítulos da Entidade o da XMU.

Gastos por programas e aplicacións da Entidade o da XMU.

Ingresos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU.

Ingresos de corrente por subconceptos da Entidade o da XMU.

Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU.

Devolución de ingresos da Entidade o da XMU.

Recadación Neta da Entidade e da XMU.

Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU.

Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU.

Estado de Tesourería da Entidade e da XMU.

ONP: Debedores, Acredores e Ingresos pendentes de aplicación, da Entidade e da XMU.

## **Estados consolidados.**

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados.

Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados.

Gastos por Áreas consolidado.

Gastos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados.

Ingresos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados.

Resultado orzamentario estados consolidados.

Fluxos de efectivo estados consolidados.

## **Outra información:**

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados. A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

A execución do orzamento vai estar dentro dos límites que marca a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, Lei Orgánica 2/2012.

O Orzamento do ano 2026, está proxectado para dar cumprimento á regra de gasto, límite que está imposto por aplicación de Lei de Estabilidade, que para o ano actual, o gasto non pode superar o 3,50% da Liquidación do gasto computable axustado do ano 2025.

### **NOTA:**

Toda a información é a consolidada corresponde aos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo)."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20 de xullo 2026, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### **ACORDO.**

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao segundo trimestre do 2026, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.



#### **4.(116). DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2027. EXPEDIENTE 1751/110. (EXPTE. PLENO 5550/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 16 de xullo do 2026, a concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite a seguinte proposta,

“Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2027. Aprobación.

O artigo 37.2, paragrafo primeiro, do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece un máximo de catorce festas laborais ao ano, con carácter retribuído e non recuperable, das cales dous serán locais.

No mesmo senso o artigo 46 do RD 2001/1983, do 28 de xullo determina que serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición séxanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» e, no seu caso, no «Boletín Oficial da Provincia» respectiva.

No DOG núm. 122 do 02/07/2025 se publica o Decreto 68/20265, do 2 de xullo, “polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2027”.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (registro de entrada núm. R20260076502 do 03/07/2026, cód. doc. 260185000) solicita dos concellos que sinalen os dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dentro do seu termo municipal para 2027. A data límite para a súa remisión é o 15 de setembro deste 2027.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Informativa competente, procede propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:”

Deseguido a concelleira emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 20 de xullo de 2026, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN:

Por unanimidade dos vinte e sete (27) membros que constitúen o número legal de membros da Corporación de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Sinalar as seguintes datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Vigo para o ano 2027.

- o día 29 de marzo de 2027.
- o día 16 de agosto de 2027.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais. Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

**5.(117). ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPEDIENTE 142483/210. (EXPTE. PLENO 5553/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 20 de xullo do 2026, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, co conforme da concelleira delegada da Área, emiten o seguinte informe proposta,

“ANTECEDENTES

Primeiro.- O 15 de xullo de 2026 a Secretaria do Goberno Local expide certificado por orde e co visto e praxe da Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal que di

“CERTIFICO:

*Que o Pleno desta corporación municipal, en sesión ordinaria de 25 de maio de 2026, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións (expte.: 142483/210), establecendo, ademais, a súa exposición pública no taboleiro municipal entre as datas 28/05/2026 e 10/07/2026 para a súa consulta e presentación de alegación a dita ordenanza.*

*Que durante o prazo sinalado de exposición pública, e consultado o rexistro electrónico (por palabras e número de expediente) deste Concello, consta que se presentaron as seguintes alegacións:*

- 1. María Carmen González Santorio (\*\*\*5061\*\*). Doc. Núm.: 260135809 de 01/06/2026.*
- 2. Asoc. Prof. De compañías privadas de servicios de seguridad APROSER (G28867406). Doc. Núm.: 260141554 de 05/06/2026.*
- 3. Alicia Rivas García (\*\*\*1985\*\*). Doc. Núm.: 260179112 de 26/06/2026.*
- 4. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179360 de 26/06/2026.*
- 5. AECA-ITV (G78425550). Doc. Núm.: 260179993 de 29/06/2026.*
- 6. Abel García García (\*\*\*6550\*\*). Doc. Núm.: 260185807 de 05/07/2026.*
- 7. Asoc. CLUSTER da Función loxística de Galicia (G94194594). Doc. Núm.: 260191377 de 10/07/2026.*

*E para que conste, e para os efectos de unilo ao seu expediente, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en Vigo na data que figura ao marxe do*

*documento asinado electrónicamente.”*

**Segundo.-** A resolución da XMU de data 30/10/2025 ditada no expediente 18249/407 adxudicou á entidade SEIXAS INVEST SL, con NIF B27702794, o contrato menor de “asistencia técnica á Comisión de Estudo designada para a Constitución da Empresa



Mercantil de Vivenda de Vigo (EXP. 1126/400), no seu cometido de elaboración da documentación necesaria para dita constitución”.

**Terceiro.-** Tras as sesións celebradas o 14/10/2025, o 19/12/2025 e o 05/03/2026, a Comisión de Estudio, na sesión celebrada o 31/03/2026, deu a súa conformidade á “Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do servizo municipal da vivenda de Vigo” de data 15/03/2026.

Nesa sesión de 31/03/2026 foron entregados os últimos textos dos documentos “Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do servizo municipal da vivenda de Vigo” (78 páxs., datado o 15/03/26), “Plan de actuación da empresa municipal de vivenda (EMVIGO)” (20 páxs., datado o 19/03/2026) e “Borrador de Estatutos da Empresa Municipal de Vivenda de Vigo S.A. (EMVIGO)” (20 páxs.). Constan incorporados no expte 1126/400 (trámites 61, 62 e 60 respectivamente).

**Cuarto.-** Constan incorporados ao expediente electrónico os informes de Secretaría de 11/08/2025 (trámite 3), de Intervención de 15/04/2026 (trámite 66) e de Secretaría de 17/04/2026 (trámite 70) que se dan por reproducidos.

**Quinto.-** O 29/04/2026 solicitouse á Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma de Galicia a emisión dos informes aos que se refire o art. 3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, e o art. 7.4 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), en relación coa constitución dunha futura sociedade municipal de vivenda que exercerá competencias sobre esa materia (trámite 101). O 29/04/2026, con rexistro de saída 5519-2026, foi remitida a referida solicitude (trámite 106).

**Sexto.-** A Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma remite a este Concello “Informe de inexistencia de duplicidade” de data 22/06/2026 no que conclúe:

“Á vista do informe emitido polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, debe concluírse que a constitución dunha empresa municipal de vivenda se encadra no exercicio de competencias propias municipais. En consecuencia, non procede a emisión informe por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de inexistencia de duplicidade e de sustentabilidade financeira previstos na Lei 5/2014.

Todo o anterior, enténdese sen prexuízo de que a prestación do servizo mediante a referida sociedade debe garantir a súa viabilidade económica e respectar, en todo caso, a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira das facendas locais.”

Este informe de 22/06/2026, foi rexistrado de entrada co núm doc. 260176395 de data 25/06/2026 (incorporado no trámite 122 e 123 do expte electrónico 1126/400).

### **Normativa aplicable.**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 123, 25, 26, 85 e 86).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (artigos 95 e 97).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (artigos 295 a 309).

- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (artigos 30 a 36 e 41 a 112).
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

**Conclusión.-** Procede continuar coa tramitación do procedemento e, previo ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en funcións de Comisións Informativa, propoñer ao Pleno da Corporación a aprobación da Memoria sinalada, de conformidade co establecido nos artigos 309.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 97 do Texto Refundido das disposicións legais Vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, 123.1.k e 123.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Á vista dos antecedentes sinalados, tendo en conta a normativa de aplicación, con base nos informes obrantes no expediente, considérase que a seguinte proposta de acordo se adecúa á normativa aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, previo ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en funcións de Comisión Informativa.”

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 07.07.26, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 23 de xullo, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno expediente 5570/1101, VOTO PARTICULAR, que se someterá a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG (5570/1101):

- *Votos a favor:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Votos en contra:* dezanove (19), dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

## ACORDO

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezanove (19) votos en contra, dos membros do grupo municipal do PSOE, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do PP, o Pleno da Corporación rexeita o voto particular presentado no Rexistro do Pleno, nº 5570/1101, con data de entrada o 23 de xullo de 2026, polo voceiro do grupo municipal do BNG.

## VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* dezanove (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- *Votos en contra:* Non houbo.
- *Abstencións:* oito (8), dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

## ACORDO

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros do grupo municipal Socialista, e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5) e do grupo municipal do BNG (3), o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a “Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do servizo municipal da vivenda de Vigo” proposta pola Comisión de Estudio designada ao efecto na súa sesión de 31/03/2026 (documento de 78 páxs., datado o 15/03/26, que consta incorporada no trámite 61 do expte electrónico 1126/400) cuxas conclusións acreditan a conveniencia e oportunidade da constitución dunha sociedade mercantil como fórmula mais axeitada para a xestión directa do servizo indicado na mesma.

**Segundo.-** Aprobar como sistema de xestión do servizo público municipal de vivenda, polos motivos expresados na Memoria xustificativa, a forma de xestión directa mediante sociedade mercantil local con capital integramente público, baixo a forma de sociedade anónima, cuxa regulación verá dada polos seus Estatutos, que serán aprobados posteriormente polo Pleno corporativo.

**Terceiro.-** Someter os acordos que anteceden a información pública por un prazo de trinta días naturais, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, a efectos de que os particulares e entidades poidan formular as observacións que estimen pertinentes sobre a Memoria de referencia.

**Cuarto.-** No caso de non foran presentadas observacións durante o período de exposición pública a Memoria considerárase definitivamente aprobada sen necesidade de novo acordo plenario.

**7.(119). APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA TRAMITACIÓN DAS LICENZAS URBANÍSTICAS E OUTRAS FORMAS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 1107/400. (EXPTE. PLENO 5540/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 25 de xuño do 2026, o técnico superior de urbanismo, co conforme do xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

**"ANTECEDENTES**

**1º)** O Pleno municipal na sesión ordinaria celebrada o día 28 de outubro de 2013 aprobou definitivamente o texto da ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 235 do 09 de decembro de 2013.

**2º.-)** Dita Ordenanza foi modificada en canto ós seus anexos por resolucións da Vicepresidenta da XMU de datas 20.01.2014 (BOP n.º 53, do 18.03.2014), para adaptala á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, de 06.03.2014 (BOP n.º 103, do 30.05.2014), 12.11.2015 (BOP n.º 2, do 05.01.2015), 15 de marzo de 2019 (BOP nº 101, do 29 de maio de 2019), 14.07.2020 (BOP nº 142, do 27 de xullo de 2020), 18.11.2022 (BOP nº 242, de 21 de decembro de 2022), 17 de xaneiro de 2023 (BOP nº 29 de 10 de febreiro de 2023) e 29 de maio de 2024 (BOP nº 111, de 07 de xuño de 2024) para adaptala a Lei 11/2022 de 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións.

**3º.-)** O Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 25.11.2024 inclúe a modificación da devandita Ordenanza, motivo polo cal con data 29/01/2025 a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu, mediante Decreto, incoar o expediente administrativo para a tramitación e aprobación da modificación da "Ordenanza reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa", nomeando instructor.

**4º.-)** O Consello da XMU, en sesión extraordinaria do día 04/02/2025 acorda, conforme ao previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, proceder a abrir o trámite de consulta pública previsto para a elaboración e aprobación da modificación da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* do Concello de Vigo, a través do enderezo <https://consulta.vigo.org>, durante o prazo de vinte días, por remisión do artigo 83 do mesmo corpo legal, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo I do presente acordo.

En data 05/02/2025 o Secretario da XMU emite certificado de aprobación por unanimidade do Consello, da elevación do acordo á Xunta de Goberno local para a súa resolución. Así mesmo, a Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria do 21/02/2025 acorda aprobar a proposta contida no informe.

Tras o trámite de consulta pública previa levado a cabo, consta que con data 12/03/2025 o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo formulou suxestións ao texto novo da Ordenanza, que foi valorado no momento da súa redacción.

**5º.-)** Con data 20/11/2025 foi subido ao expediente o novo texto da Ordenanza para someter a aprobación inicial sendo aprobado previamente tal proxecto pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/1/2026 e dictaminado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 17/2/2026.

**6º.-)** O Pleno da Corporación municipal en sesión celebrada o día 27/2/2026 acordou aprobar inicialmente o texto da nova redacción da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo e someter o expediente a Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días hábiles aos efectos de que se poidan presentar reclamacións e/ou suxestións.

O citado acordo de aprobación inicial publicouse no BOP nº 51 do 16.03.2026, no taboleiro de anuncios e edictos da Xerencia Municipal de Urbanismo e na páxina web do Concello de Vigo.

**7º.-)** Segundo consta no expediente durante o trámite de exposición ao público se rexistrou a seguinte alegación:

Presentada no Rexistro de Entrada da Xerencia Municipal de Urbanismo o 28/4/2026, nº de documento 260102969, polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e asinada polo seu presidente da Delegación en Vigo.

**8º.-)** En data 23/06/2026, a xefa da Área Técnica da XMU emite informe en relación ás alegacións efectuadas.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**I.-** O obxecto da presente elaboración e aprobación dun novo texto da ordenanza xustifícase en que, dende a entrada en vigor de dita Ordenanza no ano 2013, téñense producido diversas modificacións normativas que inflúen de forma directa no eido das súas materia, entre as que destacan a Lei 9/2013 do 1 do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia coa que o lexislador autonómico trata de avanzar na senda da eliminación das trabas administrativas previas ao exercicio dunha actividade, tamén o impacto resultante do Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE) (DOG nº 213, do 09/11/2016), e, finalmente, sinalarse igualmente as modificacións operadas na normativa urbanística pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e as súas modificacións, así como no Decreto 143/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, e que consolidan a comunicación previa como réxime xeral de intervención administrativa, mantendo a existencia da licenza urbanística para os actos que expresamente se relacionan na devandita Lei 2/2016. Finalmente, merece tamén mención destacada, a reforma na materia que nos ocupa, levada a cabo polo Real Decreto-Lei, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregue de enerxías renovables (BOE nº 305, do 22/12/2021), que actúa sobre un dos aspectos máis críticos para o despregue da mobilidade eléctrica: o desenvolvemento da infraestrutura da recarga pública.

Atendendo o novo réxime xurídico dos instrumentos de intervención municipal e co gallo de que a Ordenanza municipal estea adaptada a nova normativa, se presenta este novo proxecto de ordenanza.

## **II.- Sobre as alegacións presentadas.**

Á vista do escrito de alegacións presentado no expediente de referencia nº 1107/400 durante o trámite de exposición ao público do acordo de aprobación inicial da nova redacción da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo, emito o presente informe.

**III.-** Sendo un único escrito de alegacións formulado pola presidencia da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, antes referido, pasamos a analizar o seu contido que estrutúrase en dúas alegacións:

a).- Revisar o artigo 51 da ordenanza non senso de eliminar a obrigatoriedade das inspeccións das obras ao nivelar a planta baixa e ao nivelar a altura máxima.

b).- Habilitar un procedemento conxunto para a comunicación previa de primeira ocupación e o inicio de actividade nos casos de edificacións destinadas a una única actividade.

En canto á primeira das devanditas alegacións móstrome conforme co informado pola Arquitecta municipal Xefa da Área Técnica en informe de data 23/6/2026, ao que me remito en aras de evitar reitaracións e infórmase favorablemente a estimación da alegación, modificándose a redacción do artigo 51: quedando do seguinte xeito:

### **""ARTIGO 51.- EXECUCIÓN DAS OBRAS E MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

*1.- As obras e instalación executaranse consonte co proxecto técnico presentado e as condicións impostas na licenza.*

*2.- Se durante o transcurso dunha obra fose necesario ou conveniente introducir algunha variación no proxecto, distinguirse se as modificacións son substanciais ou se se trata de variacións de detalle ou derivadas de necesidades estruturais ou das condicións mecánicas do terreo de cimentación, sen que coa súa introdución se desvirtúen as características principais da licenza concedida ou modifícase o uso ou destino proxectado.*

*3.- Considerase que se altera significativamente (modificacións substanciais) o proxecto cando se produzan cambios de uso, cando se vexan afectadas as condicións de volume e forma dos edificios, a posición e ocupación do edificio na parcela, a edificabilidade, alturas , recuados e separación a lindeiros, número de vivendas, condicións de seguridade e outras similares.*

*No suposto de que se trate de modificacións substanciais, deberá solicitarse previamente a oportuna licenza, coa documentación esixida.*

*4.- Se a xuízo da dirección facultativa da obra se tratase de variacións de detalle, poderán continuarse os traballos baixo a responsabilidade da persoa titular da licenza, caso no que deberá presentar as modificacións antes de solicitar a inspección da planta baixa, cornixa e primeira ocupación, en cada caso e segundo sexa a parte afectada da obra, esixíraselle que coa presentación da solicitude incorpore memoria e planos da situación final da obra nos que queden perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións introducidas.*

*5.- Durante o transcurso das obras os técnicos municipais realizarán as inspeccións que estimen necesarias, como parte das facultades do Concello de comprobación, control e inspección sobre os actos e usos do solo."*

En canto á segunda alegación compre tamén mostrarme de acordo co informado pola Xefa da Área Técnica e, polo tanto, estimar a alegación no sentido de incluír un procedemento conxunto de comunicación previa de primeira ocupación e inicio de actividade nos casos de edificacións destinadas a unha única actividade, para o cal establecece no anexo 4 un novo procedemento a tal fin incluíndo un novo modelo denominado PO-002.

**IV.-** As ordenanzas municipais son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais (art. 4.1 a) da LRBRL e do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), 6.1 da Lei 5/97 do 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA) e segundo o procedemento previsto no artigo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) en relación ao disposto no artigo 26 da lei 50/1997 de 27 de novembro do Goberno para a elaboración das normas regulamentarias modificada pola disposición final 3ª da lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público.

**V.-** A competencia para aprobación da presente Ordenanza, segundo o disposto na LRBRL, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación dos proxectos de Ordenanzas (art 127.1.a) e ao Pleno Municipal a aprobación inicial e definitiva das Ordenanzas e Regulamentos Municipais (art 123.1.d)

Dispón o artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/86, so 18 a abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, que para a modificación das Ordenanzas e Regulamentos deberanse observar os mesmos trámites que para a súa aprobación. O dito procedemento queda establecido no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo, publicado no BOP nº 114 do 15/06/2016, sendo o seguinte:

- Aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local.
- Aprobación inicial polo Pleno por maioría simple.
- Información pública e audiencia aos posibles interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles para a presentación de reclamacións e/ou suxestións.
- Aprobación definitiva por maioría simple polo Pleno do Concello con pronunciamento sobre as reclamacións e/ou suxestións presentadas en tempo e forma. Non obstante, de non presentarse reclamacións ou suxestións no prazo indicado, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, como así resulta do disposto nos artigos 49.c) da LBRL e 76 e seguintes do Regulamento Orgánico do Concello de Vigo, debéndose publicar no BOP o texto íntegro da Ordenanza modificada.
- O acordo de aprobación definitiva da ordenanza, co texto íntegro da mesma, deberá publicarse para o seu xeral coñecemento no "Taboleiro de Editos" do Concello de Vigo, na páxina web e no "Boletín Oficial" da provincia, e entrará en vigor cando se publique íntegramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia de

conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985 e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, isto é, quince días hábiles contados a partir da recepción da comunicación do acordo pola Administración do Estado e pola Comunidade Autónoma.

Non entanto, e toda vez que o proxecto de Ordenanza afecta a materia urbanística cuia xestión directa do servizo público está atribuído a Xerencia Municipal de Urbanismo, que actúa como organismo autónomo e está dotado de personalidade xurídica propia, e consonte ao artigo 8 do Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP nº 193 de 6/10/2010), que atribúe ao Consello o estudo, informe, consulta e proposta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, deberá elevarse con carácter previo o presente texto ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que ten ademais a súa consideración de Comisión informativa do Pleno.

Xa que logo, e de conformidade co artigo 8 dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo propónse ao Pleno da Corporación, por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte.../...

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 07.07.26, ditamina favorablemente a proposta.

#### VOTACIÓN ASUNTO DITAMINADO:

- *Votos a favor:* vinte e catro (24), dos membros do grupo municipal Socialista (19), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- *Votos en contra:* tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- *Abstencións:* Non houbo.

#### ACORDO

Con vinte e catro (24) votos a favor, dos membros do grupo municipal do PSOE (19) e do grupo municipal do PP (5), e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo,

**PRIMEIRO.-** Estimar totalmente, de conformidade co informe-proposta da parte expositiva deste acordo, as alegacións presentadas no trámite de información pública pola presidencia da Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

**SEGUNDO.-** Aprobar definitivamente a nova redacción da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención



administrativa no Concello de Vigo, cuio texto se achega ao presente acordo, no que se incorporan as correccións da estimación total das alegacións presentadas.

**TERCEIRO.-** Ao abeiro do disposto nos artigos 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), procederáse a notificar o presente acordo aos alegantes e á publicación do texto integro da presente ordenanza, no Taboleiro de Editos do Concello de Vigo, na páxina web e no Boletín Oficial da provincia, non entrando en vigor ata que se efectúe a preceptiva publicación de conformidade co previsto no art. 70.2 da LBRL e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 do mesmo corpo legal.

**CUARTO.-** Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición de carácter xeral non caberá recurso nesta vía, puidéndose interpoñer directamente, por quen se considere lexitimado/a, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da súa impugnación indirecta, conforme cos artigos 26 e 27 da LRX-PAC, e da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Non obstante, o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime oportuno."

*\*.- **Incidencia.** Sendo as dez horas e trinta e nove minutos (10:39), en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:48 horas, auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

## **MOCIÓNS:**

### **8.(120). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A ATENCIÓN DA MOCIDADE VIGUESA. EXPTE. 5564/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5564/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

## **MOCIÓN**

*"PARA A ATENCIÓN DA MOCIDADE VIGUESA*

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Resulta imposible entender a evolución das políticas municipais de mocidade en Vigo sen distinguir con claridade dúas etapas radicalmente diferentes: un primeiro período de expansión e consolidación, que logrou converter a cidade nun referente en Galiza e no conxunto do Estado, e unha segunda fase marcada polo abandono progresivo desa estratexia até o seu desmantelamento na práctica.

O primeiro punto de inflexión produciuse en 1999. A chegada dun goberno municipal encabezado polo nacionalismo galego puxo fin a anos de ausencia dunha verdadeira política municipal para a mocidade e situou este colectivo como un ámbito prioritario da actuación do Concello. Unha mudanza que non se limitou á creación de programas concretos, senón que respondeu a unha concepción transversal das políticas xuvenís, integrando accións nas áreas de cultura, deporte, educación, igualdade e participación.

Nese contexto naceron iniciativas que marcaron unha época, como Móvete con Vigo, o programa de lecer alternativo Noites Vivas ou un decidido apoio ao tecido asociativo xuvenil. Paralelamente, o Concello apostou en crear unha rede de equipamentos e servizos que garantise unha atención estábel e descentralizada. O fortalecemento da Casa da Xuventude e do Centro de Información e Documentación Xuvenil transformou o chalé El Pilar no principal punto de referencia para a mocidade viguesa, ao que posteriormente se sumarían o programa Súbete ó Castro, o Punto Xove e Vigosónico.

A apertura do Súbete ó Castro, en marzo de 2001, supuxo a recuperación para uso público dun inmóbel practicamente abandonado, situado no corazón do monte do Castro. Aquele espazo converteuse axiña nun centro de innovación nas políticas municipais de mocidade. Millares de mozas e mozos participaron na súa ampla programación, que destacou especialmente polo impulso á creación musical. As salas municipais de ensaio, a formación gratuíta e os CastroConcertos favoreceron o nacemento e consolidación de numerosas bandas da cidade, ao tempo que situaron Vigo como un referente na promoción da música emerxente. O programa foi tamén pioneiro na incorporación das culturas urbanas, promovendo iniciativas vinculadas á improvisación escénica, ao BMX ou ao skate.

A estratexia de descentralización reforzouse en 2007 coa posta en marcha do Punto Xove, na rúa López Neira. O seu obxectivo ía máis alá de ampliar os servizos da Casa da Xuventude: pretendía ofrecer alternativas de lecer saudábel no centro urbano fronte a modelos de ocio asociados ao consumo de alcol.

O último vértice desta política marcouse en 2011 coa inauguración do Vigo Sónico, en Valadares. Nacido da colaboración entre a Dirección Xeral de Xuventude da Xunta bipartita e a Concellaría de Xuventude, configurouse como un espazo especializado no apoio á creación musical, equipado con salas de ensaio, cabinas de formación e estudo de gravación. Centos de grupos utilizaron estas instalacións, que tamén acolleron actividades formativas e numerosos proxectos impulsados por asociacións e colectivos da cidade.

Con distintas intensidades e graos de compromiso segundo os gobernos municipais, este modelo de política xuvenil mantívose vixente até 2014. A partir dese momento iniciouse unha dinámica de retroceso continuad que encetou co peche do Súbete ó Castro que, anunciado inicialmente como temporal por unhas obras que nunca chegaron a executarse, acabou por marcar o inicio dun proceso de desmantelamento que tería continuidade nos anos seguintes. En agosto de 2017 o Goberno municipal clausurou igualmente o Punto Xove e reduciu practicamente á mínima expresión a

actividade da Casa da Xuventude, hoxe sen apenas ningún servizo nin actividade. Ao que se engade o feche durante moitos meses do Vigosónico sob a coarta da pandemia, sendo a derradeira instalación municipal en reabrir as súas portas, o que foi seguido dun recorte na súa oferta de servizos e actividades, en troca de impulsar un aínda maior desenvolvemento das súas potencialidades.

Vigo pasou así de ser unha cidade pioneira na promoción de políticas públicas para a mocidade a carecer dunha estratexia propia neste ámbito. O Concello non só deixou de impulsar novos proxectos, senón que renunciou tamén a conservar e desenvolver o os programas, equipamentos e servizos desenvoltoos en anos anteriores, o que desembocou nun retroceso de case dúas décadas.

A este desmantelamento en curso da política xuvenil engádese tamén unha estrutural desatención por parte do Concello das necesidades da mocidade viguesa en ámbitos tan importantes como o seu acceso ao emprego e á vivenda, que é tan urxente como imprescindible revertir. A mocidade viguesa continúa a estar sometida a escoller entre a emigración, a precariedade laboral ou o desemprego. Ao tempo que é o colectivo que con maior crueza padece as consecuencias da emerxencia habitacional que lle impide o acceso a unha vivenda, condición indispensable para a súa emancipación e o emprendemento dun proxecto de vida propio. Unha vulnerabilidade material á que se suma a desprotección fronte ao illamento e aos riscos dunha contorna dixital sen acompañamento, o que agrava unha emerxencia de saúde mental que require respostas públicas inmediatas.

Ademais, a mocidade padece con maior intensidade a precarización de servizos públicos esenciais como é o autobús urbano no que urxe aplicar melloras.

Aliás, ao retroceso e insuficiencias descritas en relación á desmantelada política xuvenil do Concello engádese o efecto das nefastas políticas aplicadas desde o ano 2009 pola Xunta de Galiza, que insisten en non dar resposta ás necesidades da poboación xuvenil. O efecto combinado de ambas as dúas realidades tradúcese na desatención da mocidade viguesa desde as políticas públicas.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

### **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Instar o Goberno municipal a:

1. Recuperar a rede de espazos xuvenís descentralizados, procedendo á reapertura do Súbete ao Castro, do Punto Xove, da Casa da Xuventude, a dinamización do Vigosónico, así como á creación de novos espazos para o lecer, a creación artística e os deportes urbanos nos barrios e parroquias.
2. Diseñar e executar un Plan Municipal para a Emancipación Xuvenil, que inclúa un programa de apoio ao acceso á vivenda (incluíndo o impulso de máis prazas públicas de residencia para o estudantado), e unha estratexia local de emprego e emprendemento xuvenil.
3. Reorientar a oferta cultural e de lecer cara a un modelo alternativo e de apoio á creación local, creando un censo de artistas e bandas mozas para a súa contratación municipal, recuperando certames e os Castroconcertos, e garantindo o acceso de balde ou a prezo reducido a eventos culturais.

4. Mellorar a oferta de transporte público na cidade, alargando os servizos e frecuencias nocturnos, reforzando e optimizando as lanzadeiras ao CUVI, e garantindo unha adecuada conexión cos centros de formación profesional e institutos de educación secundaria, así como equiparando a tarifa estudante coa universitaria nas bonificacións da Pass Vigo e aplicando novos descontos para a mocidade.
5. Desenvolver un programa local de saúde, benestar emocional e educación afectivo-sexual para a mocidade, que inclúa: servizos de información e obradoiros sobre diversidade LGBT+, saúde sexual, combate do machismo, xunto con accións específicas de apoio á saúde mental, uso saudábel de novas tecnoloxías e prevención de trastornos alimentarios e condutas aditivas.
6. Garantir a participación activa da mocidade e o apoio ao asociacionismo, constituíndo o Observatorio Municipal da Mocidade, creando un Foro de Debate Xuvenil permanente e autoxestionado que oriente as políticas locais, e dotando de recursos loxísticos e económicos ás entidades e colectivos xuvenís da cidade.

**Segundo.-** Instar a Xunta de Galiza a, no exercicio das súas competencias, colaborar na execución e financiamento de todas as medidas antes sinaladas.

**Terceiro.-** Instar a Xunta de Galiza a aprobar unha nova Lei Galega de Mocidade, que configure unha política xuvenil integral, transversal e coordinada entre todos os departamentos da Administración autonómica e dotada orzamentariamente, garantindo a participación efectiva da mocidade no deseño, execución e avaliación das políticas públicas que lle afectan, así como a inmediata posta en funcionamento do Consello da Mocidade de Galiza como órgano permanente de participación."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, Sr. Benavides Alonso, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5569/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, poñente da moción, non acepta a emenda de substitución formulada polo concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular (5569/1101).

VOTACIÓN:

•Votos a favor: tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•Votos en contra: dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•Abstencións: cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, dezoito votos (18) en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.07.26 (Rex. Nº 5564/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Para a atención da mocidades viguesa*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **9.(121). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN MATERIA DE SANIDADE. EXPTE. 5560/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5560/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN**

##### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A situación da sanidade pública na cidade de Vigo alcanzou un punto de colapso e caos insostible que afecta directamente á calidade de vida e á saúde das veciñas e veciños.

A falta de investimento suficiente en sanidade, a carencia de persoal e a nula planificación por parte da Xunta de Galicia están a desmantelar un servizo que debera ser un pilar fundamental do estado do benestar.

O primeiro elemento desta cadea de deficiencias atópase na Atención Primaria. As demoras para conseguir unha cita co médico de cabeceira nos centros de saúde de Vigo superan con frecuencia as dúas semanas. Esta barreira temporal impide unha atención rápida e preventiva, cronificando patoloxías e deixando desamparados os pacientes.

Como consecuencia directa desta parálise na Atención Primaria, os cidadáns vense na obriga de acudir ás urxencias extrahospitalarias para recibir asistencia inmediata. Isto provoca a saturación absoluta do Punto de Atención Continuada (PAC) de Vigo. Cómpre lembrar que Vigo, a maior cidade de Galicia en poboación, conta cun único PAC para atender a toda a súa poboación urbana. Unha infraestrutura a todas luces insuficiente que xera colas interminables, sobrecarga do persoal sanitario e esperas inhumanas para os doentes.

Ante esta realidade, a Consellería de Sanidade mantense nunha postura de absoluta pasividade e desleixo.

O actual Conselleiro de Sanidade demostrou unha incapacidade manifesta para dar solución aos problemas estruturais da nosa área sanitaria, ignorando as demandas históricas de Vigo e prexudicando activamente a saúde dos vigueses e viguesas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes:

### **ACORDOS**

- Instar á Consellería de Sanidade á creación e apertura de novos Puntos de Atención Continuada (PAC) de forma estratéxica na cidade de Vigo, para desconxestionar o único servizo actual e descentralizar as urxencias extrahospitalarias e non saturar as urxencias hospitalarias.
- Solicitar o cese inmediato do Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia, debido á súa manifesta incapacidade de xestión, á falta de respostas ante a crise sanitaria de Vigo e ao abandono sistemático da sanidade pública na cidade de Vigo.”

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda que consta no expediente electrónico número 5572/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5572/1101).

### **VOTACIÓN:**

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* Non houbo.

### **ACORDO:**

Con vinte e un (21) votos a favor, dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5560/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "*Sobre medidas en materia de sanidade*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **10.(122). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE FINANCIAMENTO DE VOOS NO AEROPORTO DE PEINADOR. EXPTE. 5561/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5561/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Un medio de prensa escrita recollía, o pasado fin de semana, unha entrevista ao Presidente da Deputación de Pontevedra na que recoñecía públicamente a importancia do Aeroporto de Peinador. Literalmente, se sinalaba:

***"Peinador es una infraestructura clave para las Rías Baixas...***

*Es la única infraestructura aeroportuaria de la provincia y resulta fundamental tanto para el turismo como para la actividad empresarial".*

Nesta manifestación recoñécese o que se ven defendendo constantemente polo Goberno Municipal: O Aeroporto de Vigo é unha infraestrutura clave para o tecido socioeconómico da cidade, da Área Metropolitana e de toda a Provincia. Xa era hora de que se recoñecese, expresamente, por un dirixente do Partido Popular e, tamén, da Deputación de Pontevedra esta importancia do aeroporto.

Sobre a proposta de financiar accións que incrementen a operatividade da terminal olívica, sinalaba o Presidente do ente provincial:

***"¿La Diputación está dispuesta a financiar vuelos en el aeropuerto de Peinador?"***

*Apostamos por un modelo distinto al que se ha seguido hasta ahora. Creemos que hay que financiar la promoción turística en origen para atraer viajeros y hacer que las rutas sean sostenibles. .... Y creemos que la publicidad en destino es la solución...."*

Tras meses de evitar o compromiso público de financiar accións para atraer voos con orixe e destino en Vigo, esta entrevista compromete o financiamento público, con cargo aos orzamentos da Deputación, de accións para captar voos. Este financiamento é posible, posto que dos 15.235.313 euros cos que contaba o Orzamento de Turismo da Deputación, só se executaron 4.392.330 euros, o que supón un 28,28 % do total dispoñible; ou, o que é o mesmo, quedaron sen dedicar ás necesidades de promoción do turismo 10.842.983 euros, que ben lle virían ao sector turístico para favorecer unha alternativa ao vehículo por estrada ou, máis precisamente, para evitar que o Aeroporto de Santiago e tamén o do Porto sexan os únicos que desenvolvan accións coas compañías aéreas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes:

## ACORDO

Instar a Deputación de Pontevedra a que comprometa créditos orzamentarios concretos para a consecución de voos a diferentes destinos desde o aeroporto de Peinador, abonando un terzo do custo, a Xunta outro terzo do custo e o Concello o terzo restante.”

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5567/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5571/1101.

DELIBERACIÓN. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta as emendas de substitución formuladas pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5567/1101) e polo voceiro do grupo municipal do BNG (5571/1101).

### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* oito (8), cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* non houbo.

### ACORDO:

Con dezoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista e oito (8) votos en contra, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5561/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*Sobre financiamento de voos no Aeroporto de Peinador*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



## **11.(123). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN MATERIA EDUCATIVA. EXPTE. 5562/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5562/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

#### **“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Formación Profesional constitúe unha ferramenta esencial para mellorar a cualificación da mocidade, favorecer a igualdade de oportunidades e responder ás necesidades do tecido produtivo.

A FP Básica forma parte da oferta oficial do sistema educativo galego e está regulada pola normativa da Xunta de Galicia.

A FP Básica facilita a permanencia do alumnado no sistema educativo e ofrece maiores posibilidades para o desenvolvemento persoal e profesional dunha parte da mocidade.

Porén, a decisión da Xunta de Galicia de implantar novos graos de FP Básica en diversos institutos de Vigo sen un proceso previo de diálogo, participación e consulta coa comunidade educativa supón unha forma de actuación que dificulta a planificación educativa e limita a participación dos axentes implicados.

As modificacións da oferta educativa deben realizarse desde o consenso e a transparencia, garantindo a existencia de informes técnicos, estudos de necesidades e mecanismos efectivos de participación que permitan avaliar o impacto sobre os centros, os recursos humanos, os espazos dispoñibles e a atención educativa ao alumnado.

A comunidade educativa ten dereito a coñecer os criterios que xustifican estas decisións e a participar na definición dun modelo de Formación Profesional que responda ás necesidades reais da cidade de Vigo e da súa contorna.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

### **ACORDOS**

- Amosar o rexeitamento do Pleno á forma de proceder da Consellería de Educación, que volve adoptar decisións de gran transcendencia para os centros educativos públicos vigueses sen participación nin consenso.
- Manifestar o apoio á comunidade educativa do IES República Oriental do Uruguai diante da decisión unilateral da Xunta de Galicia de implantar un novo grao de Formación Profesional Básica sen o necesario diálogo previo.

- Esixir que calquera modificación da oferta educativa dos centros públicos de Vigo conte coa dotación previa dos recursos humanos, materiais e de infraestruturas necesarios para garantir a calidade do ensino público.
- Solicitar a publicación dos informes técnicos, pedagóxicos e organizativos que xustifican esta decisión e os criterios empregados para a súa adopción."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5573/1101, nos seguintes termos.

- *Instar a Consellaría de Educación a atender a demanda do Claustro do IES Alexandre Bóveda de Vigo e rectificar a dotación de profesorado e persoal de orientación atendendo a solicitude de medios formulada pola dirección do centro.*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Alonso Suárez, poñente da moción, acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5573/1101).

#### VOTACIÓN DA EMENDA:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra do grupo municipal do Partido Popular, acórdase incorporar a emenda de adición ao texto da moción.

#### VOTACIÓN DA MOCIÓN EMENDADA:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5562/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, coa adición do parágrafo da emenda presentada polo concelleiro do BNG, Sr. Pérez Igrexas, quedando do seguinte texto:

- “Amosar o rexeitamento do Pleno á forma de proceder da Consellería de Educación, que volve adoptar decisións de gran transcendencia para os centros educativos públicos vigueses sen participación nin consenso.
- Manifestar o apoio á comunidade educativa do IES República Oriental do Uruguai diante da decisión unilateral da Xunta de Galicia de implantar un novo grao de Formación Profesional Básica sen o necesario diálogo previo.
- Esixir que calquera modificación da oferta educativa dos centros públicos de Vigo conte coa dotación previa dos recursos humanos, materiais e de infraestruturas necesarios para garantir a calidade do ensino público.
- Solicitar a publicación dos informes técnicos, pedagóxicos e organizativos que xustifican esta decisión e os criterios empregados para a súa adopción.
- Instar a Consellaría de Educación a atender a demanda do Claustro do IES Alexandre Bóveda de Vigo e rectificar a dotación de profesorado e persoal de orientación atendendo a solicitude de medios formulada pola dirección do centro.”

#### **12.(124). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MEDIDAS EN MATERIA DE AXUDA AO FOGAR. EXPTE. 5563/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5563/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

#### **MOCIÓN**

##### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, recoñece o acceso aos servizos e prestacións de atención á dependencia como un dereito subxectivo da cidadanía. Entre estes servizos, o Servizo de Axuda no Fogar constitúe o principal instrumento para favorecer a permanencia

das persoas dependentes na súa contorna habitual, promover a súa autonomía persoal e garantir uns coidados profesionais de calidade.

Porén, a realidade que viven milleiros de familias galegas dista moito do modelo previsto pola Lei. As demoras acumuladas na valoración e no recoñecemento da situación de dependencia e na asignación efectiva dos servizos, de máis de 340 días, provocan que numerosas persoas permanezan durante meses agardando unha resposta da Administración autonómica ou mesmo falecen antes de poder exercer o seu dereito. Ante esta situación, moitas familias acaban acolléndose, como única alternativa inmediata, á prestación económica para coidados na contorna familiar, cunha contía ridícula de 416 euros.

Esta realidade supón, na práctica, trasladar novamente o peso dos coidados aos fogares e perpetuar un modelo que continúa recaendo maioritariamente sobre as mulleres.

Segundo os datos oficiais do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, aproximadamente nove de cada dez persoas coidadoras non profesionais son mulleres. As listas de espera e a insuficiencia dos servizos profesionais non só deterioran a atención ás persoas dependentes, senón que tamén afondan na desigualdade de xénero, dificultando a conciliación, a incorporación e permanencia no emprego e a autonomía económica de milleiros de mulleres.

Fronte a este modelo, o Goberno de España impulsou o maior reforzo económico da historia do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Tras o Plan de Choque iniciado en 2021, o Consello de Ministros aprobou un investimento extraordinario de **6.200 millóns de euros para o período 2026-2027**, destinado a reducir as listas de espera, axilizar os procedementos, incrementar a intensidade dos servizos profesionais e fortalecer a rede pública de coidados.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia destine integramente estes recursos extraordinarios a mellorar a atención efectiva ás persoas dependentes e non a consolidar un modelo baseado prioritariamente en prestacións económicas que, aínda sendo necesarias en determinados supostos, non poden substituír o dereito a recibir servizos públicos suficientes e de calidade.

Esta esixencia adquire unha especial relevancia para os concellos galegos, que veñen soportando desde hai anos un esforzo financeiro extraordinario para garantir o Servizo de Axuda no Fogar, sen que esta sexa a súa obriga.

No caso do Concello de Vigo, o custo efectivo do servizo ascende actualmente a **23,64 euros por hora**, mentres que o financiamento autonómico que continúa percibindo o Concello é de **12 euros por hora**, moi por debaixo do custo real do servizo. Esta situación obriga ao Concello de Vigo a destinar cada ano millóns de euros de recursos propios para financiar unha competencia cuxa responsabilidade corresponde ao Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, configurado como un sistema sostido polos gobernos autonómicos e polo Goberno de España.

O compromiso do Goberno de Pedro Sánchez foi inequívoco, con sucesivos plans de choque e coa inxección extraordinaria de recursos, precisamente para reverter os

salvaxes recortes aplicados ao sistema de dependencia polo Goberno de Mariano Rajoy, que chegou a afirmar que o sistema de coidados era "insostible".

A Xunta de Galicia anunciou o pasado mes de xaneiro un acordo coa FEGAMP para incrementar progresivamente o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar ata os 16 euros por hora en 2026. Porén, dito incremento continúa sen facerse efectivo no financiamento que reciben os concellos, manténdose unha situación que compromete a sustentabilidade económica do servizo e limita a capacidade municipal para ampliar a atención ás persoas dependentes.

O fortalecemento do Servizo de Axuda no Fogar constitúe, ademais, unha oportunidade para dignificar o emprego de milleiros de profesionais, maioritariamente mulleres, que desenvolven un traballo esencial para a cohesión social. Incrementar o financiamento autonómico permitirá non só ampliar o número de horas de atención, senón tamén avanzar na mellora das condicións laborais, na estabilidade no emprego e na calidade dos coidados.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes:

### **ACORDOS:**

- Instar á Xunta de Galicia a facer efectivo, con carácter inmediato, o cumprimento do acordo acadado coa FEGAMP para o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, aboando ao Concello de Vigo o financiamento correspondente ao módulo comprometido e procedendo á liquidación das cantidades devengadas con efectos desde o 1 de xaneiro de 2026, tendo en conta o prezo/hora actual do contrato en vigor desde xaneiro de 2026.
- Instar á Xunta de Galicia a destinar prioritariamente o financiamento extraordinario que recibirá do Goberno de España para o Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia durante os anos 2026 e 2027 ao fortalecemento dos servizos profesionais, incrementando o número de horas do Servizo de Axuda no Fogar asignadas ao Concello de Vigo, de xeito que permita reducir as listas de espera, tal e como foi reiteradamente demandado.
- Instar á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento destinado aos concellos para garantir a cobertura do custo efectivo do Servizo de Axuda no Fogar, evitando que as entidades locais continúen soportando con recursos propios un financiamento estruturalmente insuficiente.
- Instar á Xunta de Galicia a aprobar un plan extraordinario de redución dos tempos de valoración e resolución dos expedientes de dependencia, reforzando os medios persoais e materiais necesarios para garantir o cumprimento dos prazos legalmente establecidos e evitar que as familias se vexan abocadas, por mor da demora administrativa, a recorrer a prestacións económicas para coidados informais no fogar como única alternativa á falta de servizos públicos.

- Dar traslado do presente acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Política Social e Igualdade, á FEGAMP, ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 e á Federación Española de Municipios e Provincias.”

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5576/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5576/1101).

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* vinte e un (21), dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* Non houbo.

•*Abstencións:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

#### ACORDO:

Con vinte e un (21) votos a favor, dezoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, e cinco (5) abstencións, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5563/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, referente ás "*Medidas en materia de axuda ao fogar*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**\*.- Incidencia.** Sendo as 12:27 horas, auséntase do Salón de Plenos o concelleiro, Sr. Rivas González, do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**13.(125). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE UN NOVO ENCORO NO RÍO OITAVÉN. EXPTE. 5566/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5566/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

## MOCIÓN

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de xullo, o Alcalde de Vigo anunciou a entrada da cidade en situación de prealerta por seca ante o descenso das reservas do encoro de Eiras, que a 6 de xullo se sitúan no 86,7% da súa capacidade. O rexedor explicou que os niveis actuais son inferiores aos do mesmo período do ano pasado e mesmo peores que os rexistrados nestas datas durante a seca extrema de 2017. Segundo indicou, coas reservas actuais Vigo dispón de auga para aproximadamente cinco meses, polo que o Concello activou de inmediato o protocolo de prealerta.

O alcalde destacou que Vigo afronta esta situación nunha posición máis favorable grazas ás actuacións realizadas nos últimos anos para mellorar a eficiencia da rede de abastecemento. Entre elas, salientou o plan de detección e eliminación de fugas así como as humanizacións da cidade. Tamén a nova potabilizadora, unha infraestrutura financiada integramente polo Concello cun investimento de 23 millóns de euros e apoiada con fondos europeos. Segundo explicou, esta instalación permite captar auga a cotas máis baixas e incrementa nun mes a autonomía do sistema de abastecemento. "Se non fora pola potabilizadora e pola eliminación de fugas, hoxe teríamos auga só para tres meses; con estas actuacións temos garantía para cinco".

Dende a Xunta de Galicia, non se recoñece tal situación, deixando a Vigo fora das medidas de prealerta establecidas en 32 concellos. Dende a Xunta defendese que "aunque as reservas están por debaixo do nivel de outros anos, nos se considera ningún risco de abastecemento a medio prazo", decisión que delata unha actuación irresponsable, xa que calquera medida na procura de minimizar o consumo de auga, nun período de alto consumo, e acompañado da gran incidencia dos escenarios de altas temperaturas que veñen afectando a Vigo e o seu entorno, sempre serán beneficiosas en relación o incremento das garantías do abastecemento de auga potable a poboación.

E moi importante ter en conta que a pesar de que este inverno foi o mas chuvioso, coas precipitacións mais altas dos ultimo anos, a presa de Eiras ten unha capacidade máxima de 22 hm<sup>3</sup>, o cal a identifica como un embalse de pequeno tamaño, e polo tanto esta situación limita a capacidade do abastecemento nun máximo de 5 meses.

Esta situación non e nova, e xa foi analizada a través do "Estudo para a garantía do abastecemento do Sur da provincia de Pontevedra", redactado en base ao convenio asinado polo Concello de Vigo, Xunta de Galicia e o Goberno de España, e no que queda patente a necesidade de mellorar as infraestruturas hidráulicas no sur da provincia de Pontevedra se se quere garantir o futuro da primeira área metropolitana de Galicia. Nel se indicaba como conclusión, a necesidade da construción dunha nova presa de abastecemento en el curso alto del **río Oitavén**, antes de Eiras.

Dende a Xunta de Galicia non se iniciou ningunha actuación, nin tramite o respecto das conclusións do citado estudo, obviando que as situacións climáticas que ameazan novos episodios de seca, afectan directamente as necesidades de abastecemento da poboación de Vigo e a súa comarca.

Entre outras medidas, dende o Concello de Vigo se sigue a espera das autorización para o uso de auga rexenerada procedente da depuradora para os baldeos das rúas, unha medida que permitiría manter a limpeza viaria sen consumir auga potable. A día de hoxe seguimos esperando unha autorización que levamos anos solicitando.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

### **ACORDO**

- Instar á Xunta de Galicia a asumir as súas obrigas e iniciar os trámites necesarios e coa condición de urxencia para a execución dun novo encoro augas arriba no río Oitavén e as infraestruturas necesarias identificadas no “Estudo para a garantía do abastecemento de auga do Sur da provincia de Pontevedra”.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García González, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5574/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5575/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, poñente da moción, non acepta as emendas de substitución formuladas pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular (5574/1101) e polo voceiro do grupo municipal do BNG (5575/1101).

### **VOTACIÓN:**

•*Votos a favor:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Votos en contra:* oito (8), cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez mais tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* Non houbo.

### **ACORDO:**

Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e oito (8) votos en contra, cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:



Aprobar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5566/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, "*Sobre un novo encoro no río Oitavén*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **MOCIÓNS.**

#### **14.(126). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA GARANTIR O INVESTIMENTO DOS 7,5 MILLÓNS DE EUROS COMPROMETIDOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA VIGO E QUE ESTÁN PENDENTES DE ACTIVACIÓN POR PARTE DO CONCELLO. EXPTE. 5565/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xullo de 2026, número 5565/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

### **MOCIÓN**

#### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

"A colaboración institucional entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra ten permitido nos últimos anos impulsar investimentos estratéxicos para a cidade mediante convenios bilaterais de financiamento. Esta fórmula de cooperación constitúe un instrumento eficaz para responder ás necesidades da cidadanía viguesa.

Neste sentido, a Deputación de Pontevedra xa manifestou de forma reiterada o seu desexo de reforzar o seu compromiso con Vigo. Unha vontade que se ten plasmado en feitos, dado que a institución provincial comprometeu orzamentariamente máis de 47 millóns de euros en investimentos na cidade desde que a viguesa Luisa Sánchez asumiu o cargo de vicepresidenta provincial.

Esa aposta orzamentaria materializouse xa a través de diversos convenios e a través de varias melloras das que xa goza a cidade como as executadas este mandato no Parque Nelson Mandela de Navia, no Pavillón das Travesas, na rúa Pintor Colmeiro, no Campo das Relfas, na rúa Juan Ramón Jiménez e na Estrada Clara Campoamor. Á súa vez, están en execución outros investimentos de grande calado como a reconstrución da bancada de Gol do Estadio de Balaídos ou a reforma da rúa San Roque, entre outros.

Porén, malia contar con consignación orzamentaria e compromiso firme por parte da Deputación, nos últimos meses o Concello de Vigo paralizou varios investimentos de relevancia para a cidade.

En primeiro lugar, o proxecto correspondente á Finca Matías, financiado mediante convenio bilateral xa asinado, atópase condicionado pola necesidade de ampliar o prazo de vixencia do acordo debido ao atraso acumulado polo goberno local no inicio das obras. Os servizos técnicos provinciais remitiron ao Concello un requirimento no que advirten da necesidade de motivar expresamente a prórroga do convenio e obter o informe favorable da comisión de seguimento, trámites que consideran preceptivos

para garantir a continuidade do financiamento provincial e evitar a perda dos 2,58 millóns de euros comprometidos para esta actuación. Con todo, o goberno local non avanzou nese cumprimento do recollido no propio convenio, que conta coa sinatura do alcalde, Abel Caballero.

Doutra banda, a Deputación comprometeu unha achega de 1,7 millóns de euros a humanización da rúa Rosalía de Castro, equivalente ao 70% do investimento previsto. O organismo provincial remitiu ao Concello de Vigo o texto definitivo aprobado pola xunta de goberno provincial hai máis dun mes, sen que a administración municipal dese os pasos adiante necesarios para que esta actuación poida beneficiar á veciñanza da zona.

Así mesmo, a Deputación ten reservado nos seus orzamentos anuais en vigor outros 3,3 millóns de euros destinados aos convenios bilaterais con Vigo. Con todo, os proxectos remitidos polo Concello non esgotan esa contía, polo que a institución provincial ofreceu incorporar novos investimentos de interese para a cidade, entre eles a reforma integral do pavillón de Cabral, a mellora das instalacións do Club de Remo Virxe da Guía, a rehabilitación do auditorio do Centro Social e Cultural de Beade, a construción do campo de béisbol das Plantas e a repavimentación de toda a Estrada Clara Campoamor. Malia a vontade expresa do ente provincial, a día de hoxe continúa sen concretarse o destino da totalidade destes recursos económicos debido a nula resposta do goberno local.

En consecuencia, o Concello de Vigo ten pendentes de activación 7,58 millóns de euros de investimentos provinciais. Trátase de recursos públicos que permitirían executar infraestruturas demandadas pola cidade e melloras as dotacións públicas de Vigo. As administracións públicas teñen o deber de actuar con lealdade institucional, cooperación e eficacia, especialmente cando existen fondos públicos xa comprometidos que poden traducirse en melloras directas para a cidadanía. Resulta, polo tanto, imprescindible impulsar todos os trámites administrativos necesarios para evitar atrasos innecesarios e garantir que os investimentos comprometidos pola Deputación de Pontevedra poidan materializarse no menor prazo posible, sempre en beneficio de Vigo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa discusión e aprobación polo Pleno da Corporación os seguintes:

## ACORDOS

1. Instar ao goberno local a desbloquear 7,5 millóns de euros comprometidos orzamentariamente pola administración provincial para investir en Vigo e que só están pendentes da súa activación por parte da administración municipal.
2. Instar ao goberno local a seguir as indicacións dos técnicos provinciais motivando a prórroga do convenio de Finca Matías e acadando o preceptivo informe da comisión de seguimento.
3. Instar ao goberno local a aprobar, e posteriormente asinar, o convenio bilateral para a humanización da rúa Rosalía de Castro en Vigo.
4. Instar ao goberno local a concretar o destino do resto de fondos provinciais que a Deputación ten reservados nos seus orzamentos anuais de 2026."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 23 de xullo de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de adición que consta no expediente electrónico número 5577/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta a emenda de adición formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5577/1101).

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* dezasete (17), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.

•*Abstencións:* tres (3), dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

#### ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezasete (17) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, e tres (3) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.07.2026 (Rex. Nº 5565/1101) pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "Para garantir o investimento dos 7,5 millóns de euros comprometidos pola Deputación de Pontevedra para Vigo e que están pendentes de activación por parte do Concello", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### RESOLUCIÓNS.

**15.(127). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 20/06/26 E O 19/07/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5557/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no expediente 5557/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**16.(128). DAR CONTA DE RESOLUCIÓN ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 20/06/26 E O 19/07/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5558/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no expediente 5558/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**17. FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**17.1.(129).** Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal adopte as medidas necesarias para resolver dunha vez por todas a demora continuada e a falla de eficiencia e dilixencia na tramitación e resolución das solicitudes de autorización municipal que presentan, en tempo e forma, as comisións de festas, asociacións veciñais e colectivos culturais para a realización dos diferentes actos, festas e romarías na tempada estival».

A Sra Presidenta responde ao rogo segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

**17.2.(130).** Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «ROGAMOS que o Concello encargue un estudo á Universidade de Vigo para avaliar o impacto e as consecuencias de ter designado ao areal de A Calzoa como praia canina, de forma que, se é o caso, se indiquen as accións correctoras a tomar despois de sete anos nos que veciños e asociacións ecoloxistas denuncien unha degradación ambiental do lugar».

**18. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**18.1.(131).** Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «¿Non considera necesario o Goberno municipal encargar unha auditoría integral e independente dos servizos privatizados do Concello ante os continuos incumprimentos dos mesmos para que se cumpra de maneira estrita o fixado nos pregos de contratación e para que os vigueses e viguesas non paguen por servizos que non reciben?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

**18.2.(132).** Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Cal foi o resultado do informe solicitado á Secretaría en relación coa retirada da sinatura do Libro de Honra do Concello do ex ministro de Fomento, José Luis Ábalos, condenado a 24 anos de prisión por corrupción?».

A Sra Presidenta responde á pregunta segundo consta no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

## ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario xullo 2026  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 27 de Julio de 2026 09:03:42  
Fecha Fin : Lunes, 27 de Julio de 2026 13:15:53  
Duración : 04:12:11

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas\\_new.jsp?id=3676](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3676)

- Media (MASTER)

-----  
[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.3 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/tiJ0uENjYwyWe4mk4r7sewuHEXgfKqpBTuHCfTXS0GEJKHut.wmv>  
SHA512 - 5c1d4d36b7cbcce18aba523e13d89147c69568dd6455e788225f0a8243d263472111341c2dfa2491dc1b660ff5dc52f4c027227f8edd04902b56b3e8b294c1df

- Media (PROXYS)

-----  
[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.5 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/Guvwkw1fpeLkLoNTAIjyy0hDw2VacBVoaRcPunEtY6JbSrQJ.mp4>  
SHA512 - d015d1045628d9caadd1b16ea89d65d03c6c3bf30b5eededa7ee69c1ce817634f6f9a36b593697c12a0d5641f6f9a5dc96c192bc5f88d1972d8cd2b4c3356ac3

- Minutaje

-----  
00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventora Adxunta; Secretario;  
Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Maluel; Iglesias López, Patricia; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Martín Peña, José Miguel; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel;

Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier; Remoto;

00:00:45 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:30 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 29 de xuño de 2026.

00:01:41 : Puntos 2 e 3: 2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 2º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 6 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expediente 284/542. (Expte. Pleno 5538/1101).  
// 3. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 2º trimestre do 2026, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 493/143. (Expte. Pleno 5539/1101).

00:01:52 - Aneiros Pereira, Jaime

00:06:55 - Caballero Álvarez, Abel

00:07:02 - Pérez Iglesias, Xabier

00:12:02 - Caballero Álvarez, Abel

00:12:06 - García González, Patricia

00:18:52 - Caballero Álvarez, Abel

00:18:58 - Aneiros Pereira, Jaime

00:22:01 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:04 : 4. Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2027. Expediente 1751/110. (Expte. Pleno 5550/1101).

00:22:17 - López Font, Carlos

00:23:36 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:45 - Pérez Iglesias, Xabier

00:24:02 - Caballero Álvarez, Abel

00:24:07 - Martín Peña, José Miguel

00:25:30 - Caballero Álvarez, Abel

00:25:35 - López Font, Carlos

00:27:45 - Caballero Álvarez, Abel

00:27:52 - Votación [9:31:34]

00:28:01 : 5. Ordenanza municipal reguladora das zonas de baixas emisións. Aprobación definitiva. Expediente 142483/210. (Expte. Pleno 5553/1101).

00:28:17 - López Font, Carlos

00:33:17 - Caballero Álvarez, Abel

00:33:23 - Pérez Iglesias, Xabier

00:38:18 - Caballero Álvarez, Abel

00:38:22 - Martín Peña, José Miguel

00:43:12 - Caballero Álvarez, Abel

00:43:21 - López Font, Carlos

00:46:20 - Caballero Álvarez, Abel

00:46:32 - Votación [9:50:12]

00:46:58 - Votación [9:50:38]

00:48:55 - Caballero Álvarez, Abel

00:49:01 : 6. Aprobación inicial da Memoria xustificativa sobre a viabilidade da xestión directa do Servizo Municipal da Vivenda de Vigo? mediante sociedade mercantil local con capital integramente público, baixo a forma de sociedade anónima como sistema de xestión do Servizo Público Municipal de Vivenda. Expediente 1126/400. (Expte. Pleno 5541/1101).

00:49:24 - Caride Estévez, María José

00:54:25 - Caballero Álvarez, Abel

00:54:30 - Pérez Iglesias, Xabier

00:59:32 - Caballero Álvarez, Abel

00:59:37 - Sanchez Mendez, Luisa María

01:04:59 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:05:08 - Caride Estévez, María José  
 01:08:17 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:15:30 - Votación [10:19:10]  
 01:15:59 - Votación [10:19:39]

01:16:31 : 7. Aprobación definitiva da ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa no Concello de Vigo. Expediente 1107/400. (Expte. Pleno 5540/1101).  
 01:16:54 - Caride Estévez, María José  
 01:22:02 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:22:10 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:27:10 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:27:13 - Martín Peña, José Miguel  
 01:31:40 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:31:59 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:32:07 - Caride Estévez, María José  
 01:35:13 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:35:37 - Votación [10:39:17]  
 01:36:18 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:36:19 - -Minuto de silencio-

01:37:33 : 8. Moción do grupo municipal do BNG para a atención da mocidade viguesa. Expte. 5564/1101.  
 01:37:42 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:38:26 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:38:35 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:42:46 - Caballero Álvarez, Abel  
 01:42:54 - Benavides Alonso, Daniel  
 01:47:51 - Silva Rego, Carmen  
 01:48:01 - López Font, Carlos  
 01:52:57 - Silva Rego, Carmen  
 01:53:07 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:56:07 - Silva Rego, Carmen  
 02:01:44 - Votación [11:05:25]

02:02:07 : 9. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de sanidade. Expte. 5560/1101.  
 02:02:23 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:07:21 - Silva Rego, Carmen  
 02:07:29 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:12:29 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 02:17:30 - Silva Rego, Carmen  
 02:17:36 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:20:36 - Silva Rego, Carmen  
 02:20:43 - Silva Rego, Carmen  
 02:20:53 - Votación [11:24:34]

02:21:11 : 10. Moción do grupo municipal Socialista sobre financiamento de voos no Aeroporto de Peinador. Expte. 5561/1101.  
 02:21:25 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:26:34 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:31:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:31:49 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:36:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 02:36:54 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:40:10 - Silva Rego, Carmen  
 02:41:19 - Votación [11:45:00]

02:41:35 : 11. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia educativa. Expte. 5562/1101.  
 02:41:44 - Silva Rego, Carmen  
 02:41:51 - Alonso Suarez, María Olga

02:46:54 - Silva Rego, Carmen  
 02:46:57 - Alonso Suarez, María Olga  
 02:47:02 - Silva Rego, Carmen  
 02:47:07 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:52:19 - Silva Rego, Carmen  
 02:52:26 - Benavides Alonso, Daniel  
 02:57:37 - Silva Rego, Carmen  
 02:57:45 - Alonso Suarez, María Olga  
 03:00:44 - Silva Rego, Carmen  
 03:01:03 - Votación [12:04:44]  
 03:01:50 - Votación [12:05:31]

03:02:08 : 12. Moción do grupo municipal Socialista sobre medidas en materia de axuda ao fogar. Expte. 5563/1101.  
 03:02:23 - Aguiar Castro, Yolanda  
 03:07:27 - Silva Rego, Carmen  
 03:07:39 - Martínez Piñeiro, Ana  
 03:12:38 - Silva Rego, Carmen  
 03:12:46 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 03:14:36 - Silva Rego, Carmen  
 03:15:02 - Gonzalez Abeijón, Fernando  
 03:18:26 - Silva Rego, Carmen  
 03:18:32 - Aguiar Castro, Yolanda  
 03:21:42 - Silva Rego, Carmen  
 03:22:48 - Votación [12:26:29]

03:23:10 : 13. Moción do grupo municipal Socialista sobre un novo encoro no río Oitavén. Expte. 5566/1101.  
 03:23:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:28:33 - Silva Rego, Carmen  
 03:28:42 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:33:43 - Silva Rego, Carmen  
 03:33:50 - García González, Patricia  
 03:38:48 - Silva Rego, Carmen  
 03:38:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:41:59 - Silva Rego, Carmen  
 03:42:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 03:42:12 - Silva Rego, Carmen  
 03:42:43 - Votación [12:46:24]

03:43:45 : 14. Moción do grupo municipal do Partido Popular para garantir o investimento dos 7,5 millóns de euros comprometidos pola Deputación de Pontevedra para Vigo e que están pendentes de activación por parte do Concello. Expte. 5565/1101.  
 03:44:10 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 03:49:05 - Silva Rego, Carmen  
 03:49:57 - Pérez Iglesias, Xabier  
 03:55:03 - Silva Rego, Carmen  
 03:55:11 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 04:00:11 - Silva Rego, Carmen  
 04:00:21 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 04:03:30 - Silva Rego, Carmen  
 04:03:43 - Votación [13:07:24]

04:04:20 : 15. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5557/1101.

04:04:39 : 16. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 20/06/26 e o 19/07/26, incluídas no Expte. Pleno 5558/1101.

04:04:59 : 17. Formulación de rogos.  
 04:05:05 - Abalde Comesaña, Filipe  
 04:05:39 - Silva Rego, Carmen



04:06:39 - Sanchez Mendez, Luisa María  
04:07:00 - Silva Rego, Carmen  
  
04:07:02 : 18. Formulación de preguntas.  
04:07:08 - Martínez Piñeiro, Ana  
04:07:31 - Silva Rego, Carmen  
04:07:59 - Sanchez Mendez, Luisa María  
04:08:12 - Silva Rego, Carmen  
04:12:11 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e doce minutos (13:12) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 11/2026, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.

/sc

A PRESIDENCIA  
Ma Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
  
Jose Villán Fuertes